



Javier Rico Díaz, asesor do Gabinete da Secretaría Xeral para o Deporte e coordinador dos grupos de traballo para a elaboración dos protocolos FISICOVID-DXTGALEGO, **CERTIFICA**

1. Que consonte ao disposto no apartado 3.21 do Anexo do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade, publicado por Resolución do 12 de xuño de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade (Diario Oficial de Galicia nº 115, 13.06.2020), a **Federación Galega de Patinaxe** conta co protocolo FISICOVID-DXTGALEGO para a **práctica do patinaxe nas especialidades de Patinaxe de Velocidade, Roller Derby, Freestyle In Line, Hockei Liña, Hockei Patíns, Patinaxe Artística, Roller Freestyle e Skat**, e no que se establecen as medidas para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola COVID-19 no **ámbito do deporte federado autonómico**; en diante o protocolo.
2. Que dito protocolo axústase aos requirimentos establecidos na Resolución do 15 de xuño de 2020 da Secretaría Xeral para o Deporte pola que se aproba o protocolo FISICOVID-DXTGALEGO no que se establecen as medidas para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola COVID-19 no ámbito do deporte federado de Galicia (Diario Oficial de Galicia nº 120, 19.06.2020) e,
 1. Que xunto ao anterior, o protocolo axústase ao establecido na ORDE do 17 de setembro de 2020, da Consellería de Sanidade, sobre modificación de determinadas medidas previstas no Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade (Diario Oficial de Galicia nº 190, 18.09.2020), para a realización da **práctica deportiva de patinaxe con contacto tanto en adestramentos como en competicións, das seguintes especialidades: Patinaxe de Velocidade, Roller Derby, Freestyle In Line, Hockei Liña, Hockei Patíns, Patinaxe Artística, Roller Freestyle e Skate.**

Santiago de Compostela, 9 de outubro de 2020

Javier Rico Díaz

Asesor do Gabinete da Secretaría Xeral para o Deporte

